1. RENDA SOCIAL MUNICIPAL- 2018

2. FINALIDADE

Axudar a persoas e familias que viven no termo municipal da Coruña e se encontran en situación de necesidade económica, proporcionándolles unha prestación económica orientada a garantir a cobertura das necesidades básicas, é dicir, aquelas relacionadas coa alimentación diaria, vestiario, transporte e coidados básicos persoais e da vivenda.

A renda social municipal (RSM) outórgase como apoio aos procesos de inclusión coa finalidade de lograr a mellora persoal e social da persoa beneficiaria e da súa unidade de convivencia.

3. POBOACIÓN DESTINATARIA

a) POBOACIÓN DESTINATARIA DIRECTA

Grupo/s de poboación

Persoas maiores de idade e que non teñan a idade mínima para solicitar unha pensión non contributiva de xubilación ou que non cumpran os requisitos de acceso á mesma.

Características

Persoas e familias que, tecnicamente valoradas polas traballadoras e traballadores sociais, se atopen en situación ou risco de exclusión social e con dificultades para a cobertura das necesidades básicas.

b) POBOACIÓN INDIRECTA

A poboación en xeral do municipio da Coruña.

4. FUNCIÓNS

4.1. PRESTACIÓN ECONÓMICA

Renda Social Municipal

Axuda a persoas e familias en situación de necesidade económica proporcionándolles unha prestación periódica de seis meses ata dezaoito, que lles permita cubrir as necesidades básicas. A concesión da prestación implica a realización dun itinerario de inclusión que lle permita lograr a mellora persoal e social.

4.2. OUTRAS FUNCIÓNS

- Valoración técnica da situación ou risco de exclusión
- Valoración dos requisitos xerais da prestación:

  - ✓ Ter cumpridos os 18 anos e non ter a idade mínima para solicitar unha pensión non contributiva de xubilación.
  - ✓ Non existir familiares con posibilidades de prestar axuda.
  - ✓ Estar empadroado/a e residir no Concello da Coruña polo menos hai seis meses.
  - ✓ Non ter dereito a percibir a Renda de Inclusión Social (RISGA) nin outra prestación de carácter público e natureza similar. Non se cumpre este requisito se se renuncia á percepción da mesma ou se perde o dereito a ela por razóns computables a propia persoa. Ademais, se se ten dereito ao cobro de calquera crédito, axuda, subvención, pensión ou renda, hai que exercitar as acción pertinentes á súa cobranza.
  - ✓ Que a unidade de convivencia teña unha capacidade económica igual ou menor ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería.

  Quedarán eximidas do requisito de antigüidade de empadroamento:
  - ✓ As vítimas de violencia de xénero que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
  - ✓ As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixen a súa residencia no Concello da Coruña.
  - ✓ As persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou cuxa solicitude de asilo teña sido admitida a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a súa permanencia en España por razón humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social.

  Quedarán eximidos do requisito de límite de idade ás persoas que, estando legalmente emancipadas, se atopen nalgunha das seguintes situación:
  - ✓ Que teñan economicamente ao seu cargo outras persoas menores de idade ou persoas maiores de idade con discapacidade ou con cualificación de dependentes**.**
  - ✓ Que sexan orfas de pai e nai sen dereito a prestación.
- Xestión e tramitación administrativa da prestación.
- Seguimento e avaliación.
- Xestión e xustificación do gasto.

5. ÁREAS DE RESULTADO CLAVE

1. Atender e informas ás persoas que demandan a renda social municipal.
2. Analizar e valorar a situación das unidades de convivencia para detectar as súas necesidades e potencialidades.
3. Desenvolver itinerarios de inclusión social coa participación activa da persoas beneficiaras e destinatarias.
4. Colaborar con outros servizos municipais e entidades do terceiro sector para posibilitar o acceso a recursos formativos, de inserción laboral,... e promover o progreso das persoas beneficiarias e destinatarias no seus itinerarios.
5. Desenvolver os trámites oportunos para a xestión das solicitudes da renda social municipal buscando en todo momento a máxima eficiencia.
6. Propoñer alternativas para resolver os problemas técnicos ou administrativos que se presenten na tramitación da renda social municipal.

6. OBXECTIVOS DO EXERCICIO

1. Consolidar o proceso de información da prestación desde os auxiliares de atención á cidadanía.
2. Mellorar o proceso de derivación das situacións atendidas no servizo de atención inmediata do servizo de información, valoración e orientación (SIVO) ao equipo da renda social.
3. Centralizar o equipo da renda social.
4. Tramitar electrónicamente todo o expediente da renda social.
5. Consolidar os criterios a aplicar e os documentos necesarios do expediente.
6. Reducir os tempos na parte administrativa nun expediente da renda.
7. Realizar unha avaliación continua do desenvolvemento do programa co obxecto de identificar e modificar os aspectos susceptibles de mellora.

7. RELACIÓN E CALENDARIO DA PRESTACIÓN	2	0	1	8
	1T	2T	3T	4T
Renda social municipal	x	x	x	x

8. CUANTIFICACIÓN DE RECURSOS

8.1. ORZAMENTO ANUAL	IMPORTE	
	2017	2018
ORZAMENTO TOTAL ANUAL (Créditos totais consignados)	1.022.304,35	1.095.088,84
ORZAMENTO EXECUTADO	397.889,65	1.045.926,41
PORCENTAXE DE ORZAMENTO EXECUTADO	38,92%	95,51%
FONTES DE FINANCIACIÓN DO ORZAMENTO TOTAL ANUAL	MUNICIPAIS	MUNICIPAIS
Achega municipal *Porcentaxe sobre o total*	100%	100%

**Aínda que non se contemplan nesta memoria, o orzamento inclúe: gastos do persoal municipal, mantemento dás instalacións, investimento (non seu caso) e gastos correntes de imputación indirecta.*

8.2. RECURSOS HUMANOS			
	2016	2017	2018
PERSOAL MUNICIPAL			
Xefa do Servizo de Xustiza Social	1	1	1
Directora de unidade técnica	1	1	1
Xestora orzamentaria	1	1*	1*
Técnicas de administración xeral	2	2	2
Auxiliares de atención cidadá (Mulleres)	4	4	4*
Traballadores sociais	4	4*	4*
Homes		1	1
Mulleres		3	3
TOTAL	**13**	**13***	**13***
Homes		1	1
Mulleres		12	12

Entre baixas, excedencias, substitucións... chegaron a estar oito traballadoras sociais diferentes para cubrir os catro postos asignados neste programa. No cómputo total de tempo, 3 foron os postos de traballo social completo.

Respecto aos auxiliares de atención á cidadanía seis persoas cubriron os catro postos asignados neste programa. No cómputo total de tempo, tamén 3 foron os postos completos.

O posto da xestora orzamentaria estivo baleiro por baixa médica.

8.3. RECURSOS TÉCNICOS	
Ordenanza da renda social municipal	- *Publicada no BOP, 26 de agosto de 2016.*

9. RESULTADOS DA ACTIVIDADE		
Prestación	**Cuantificador**	**Resultado**
Renda social	**Nº de solicitudes**	**344**
	Nº de solicitudes concedidas	191
	Nº de solicitudes denegadas	44
	Nº de rendas extinguidas	**81**
	Nº de rendas extinguidas por modificación das circunstancias que motivaron a concesión	**54**
	Nº de rendas extinguidas por xerar dereito a outras prestacións	19
	Nº de rendas extinguidas por atopar ou mellorar as condicións económicas laborais	22
	Nº de rendas extinguidas por outros motivos	13
	Nº de rendas extinguidas por causas imputables á persoa	**27**
	Nº de rendas extinguidas por incumprimento do itinerario de inserción	16
	Nº de rendas extinguidas por outros motivos	11
	Nº de rendas prorrogadas	**214**
	Nº de rendas activas	**304**
	Homes titulares da renda	170
	Mulleres titulares da renda	134
	Nº de rendas con menores	75
	Nº total de persoas beneficiarias	**404**
	Nº de menores	117
	Nº total de entrevistas realizadas	**1970**
	Nº total de entrevistas de estudo da situación	530
	Nº total de entrevistas de valoración e diagnóstico da situación	415
	Nº total de entrevistas de seguimento e avaliación das situacións e itinerarios elaborados	1025
	Nº de visitas a domicilio realizadas	**115**

10. INDICADORES DA XESTIÓN	VALOR			
		2016	2017	2018
Nº de solicitudes		185	284	344
Nº de solicitudes concedidas		1	187	191
Nº de solicitudes denegadas		96	92	44
Nº de rendas extinguidas		0	46	81
Nº de rendas prorrogadas		0	39	214
Nº de rendas activas		1	188	304
Homes titulares da renda		0	119	170
Mulleres titulares da renda		1	69	134
Nº total de persoas beneficiarias		1	323	404

9. CONCLUSIÓNS

- Aínda que segue a haber dúbidas respecto á aplicación dalgún artigo da ordenanza (por exemplo as novas solicitudes tras finalizar o período dos dezaoito meses), están bastante definidos os criterios de aplicación e os documentos que hai que incorporar aos expedientes.
- A pesar de ter menos efectivos de persoal (ver número de entrevistas) conseguiuse manter o pulso ao aumento das solicitudes, coa tramitación intensa e posterior concesión de rendas. Que no mes de novembro concedéronse 38 rendas, confirma este dato.
- Das rendas extinguidas, o 66,6% foron debidas a unha modificación das circunstancias que motivaron a súa concesión; en concreto o 40,7% das rendas nesa situación foron por atopar ou mellorar as condicións económicas laborais.

12. PERSPECTIVAS DE FUTURO E RECOMENDACIÓNS

12.1. PERSPECTIVAS DE FUTURO

A renda social municipal constitúe un recurso de gran importancia para dar unha resposta axeitada ás situacións de exclusión ou de risco de exclusión derivadas da falta de emprego, dos baixo nivel de ingresos, do escaso nivel de formación, etc.

Pola súa natureza e estrutura posibilita un marco económico estable para satisfacer as necesidades básicas das familias e desde o que desenvolver accións promotoras dunha inserción social e laboral. Ambos aspectos converten á renda social municipal nun recurso de primeiro orde para a loita contra a exclusión social.

12.2. RECOMENDACIÓNS

- Modificación da Ordenanza para emendar os aspectos administrativos susceptibles de mellora (e que afectan principalmente nos tempos da tramitación) motivados pola redacción da mesma; e dos aspectos sociais que deben estar ou non vinculados a elaboración dun itinerario de inserción.

- Colaborar con outros servizos municipais e entidades do terceiro sector para o deseño e desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inserción.

- Profundar no desenvolvemento dos itinerarios de inclusión para facelos máis axustados ás necesidades e potencialidades das persoas beneficiarias e destinatarias; cunha participación real dos propios interesados.

- Crear unha mesa técnica con todo o equipo da renda social para traballar as propostas de extinción na que as causas sexan o incumprimento dos itinerarios personalizados de inserción. É importante intensificar o análise dos motivos e establecer ou crear as ferramentas necesarias que podan axudar a reconducir as situacións e polo tanto a unha resposta positiva.

- Estudar se a traballadora social de zona debe responsabilizarse do estudo e abordaxe total das necesidades dunha familia, posible beneficiaria da renda e ata a súa concesión; e en coordinación durante ese tempo co equipo da renda para a súa tramitación. Deste xeito non demoramos na primeira atención e en dar resposta ao resto das necesidades detectadas, o equipo da renda aceleraría os tempos na tramitación e diminuímos os prexuízos que poden vivir as familias que sofren unha modificación das súas circunstancias e por conseguinte perden os requisitos para aplicar o recurso da renda.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA	
Sede	Unidades de Atención Social (UAS)
Dirección postal da coordinación	Calle Castiñeiras de abaixo, 21-23 baixo
Dirección electrónica	c.vara@coruna.es; l.loriga@oruna.es
	981 184 200 ext: 88031